

5^a EDICIÓN | SECUNDARIA

CONCURSO ESCOLAR

HAZLO VERDE

MISIÓN #SALVEMOSLOSBOQUES

CAMBIAR TU MUNDO ESTÁ EN TUS MANOS

UNIDAD DIDÁCTICA 3

**O CADERNO FORESTAL E OUTRAS
PROPOSTAS PARA PASAR Á ACCIÓN**

ÍNDICE



1 PRESENTACIÓN

1.1 COMO TRABALLAR ESTA UNIDADE?

2 ACTIVIDADES DE ACCIÓN DIRECTA SOBRE A CONTORNA

3 O CADERNO FORESTAL



Propoñémosvos unha serie de **pequenas actividades de investigación e recompilación de datos** que vos servirán para determinar **o estado dos bosques da vosa contorna**.

Dá igual **se sodes de campo ou de cidade, a contorna que nos rodea está viva**, tanto nun ambiente urbano ou rural.


Por iso é importante concienciarce co ODS que tratamos nesta edición, porque os ecosistemas terrestres e a biodiversidade que encerran fóreronse adaptando ás novas circunstancias derivadas do cambio climático, os que máis, e os que menos, foron desaparecendo ata a extinción.

Por iso é importante coidar dos bosques e, se non temos a sorte de vivir preto dalgúns, que valoremos o que nos dan e nos ofrecen, á vez que reflexionamos sobre o impacto que teñen a urbanización sobre a contorna natural e a sobreexplotación dos recursos que proporcionan os bosques.

España é o segundo país europeo con maior superficie forestal: 7500 millóns de árbores, só por detrás de Suecia.

A súa masa forestal creceu nos últimos anos un 31% grazas á protección ambiental.

Son datos do [Inventario Forestal Nacional](#).



Fonte imaxe: blogs.publico.es

Para os más pequenos: Observa esta táboa. Nela recóllese o número de millóns de árbores por provincia. Pide aos teus alumnos que, unha vez solicitado o dato de nº de habitantes por provincia, dividan ese número polo número de árbores. O resultado daralles o número exacto de árbores por habitante.

1.1 COMO TRABALLAR ESTA UNIDADE?

Estas actividades opcionais, pódenvos axudar a enfocar o voso traballo de presentación e **dirixir a vosa campaña de sensibilización**.

Previamente a esta parte de desenvolvemento, **recomendámosvos iniciar o traballo co visionado e debate propostos na UD2**, co fin de contextualizar e entender a transcendencia do ODS 15.

- Informarse e profundar sobre as causas e consecuencias** (vídeos, ligazóns a datos e informes sobre o estado da masa forestal)
- Debater e reflexionar sobre as actuacións** que desembocan nas consecuencias negativas (visionado dos vídeos, posta en común e debate reflexivo)
- Valorar posibles solucións**, detectar carencias e proponer melloras, adquirindo competencias e actitudes de concienciación individual e colectiva (actividades directas, caderno forestal)
- Traballar en equipo**, valorando todas as posturas, para crear en colaborativo, unha **campaña de concienciación dirixida á comunidade**.

Actividades suxeridas	Como e con que fin	Finalidade da campaña de sensibilización
Desenvolvemento de 5 actividades grupais sobre a contorna.	Estudeade de primeira como se atopa a vosa contorna local e en que medida podes axudar á súa mellora.	Contribuír de forma activa en actividades nas que participe alumnado, familias, concello e contorna local axudaravos a implicar a toda a comunidade na vosa campaña de sensibilización.
Elaboración grupal do caderno forestal. Investigación e recompilación de datos.	Investigade o estado dos bosques da vosa contorna para pescudar en que estado se encontran, a súa masa forestal e o estado do seu solo. Recompilade as especies propias e as invasoras, para definir o padrón forestal da vosa comunidade.	Analizar a vosa contorna e situación dos vosos bosques axudaravos a definir a mensaxe da vosa campaña de sensibilización. Comparar como e a que nivel se encontra o bosque axudaravos a comprobar se o seu estado está aliñado coas metas do ODS 15.
Selos de certificación e criterios de sustentabilidade das empresas locais.	Investigade o tecido empresarial da vosa provincia ou Comunidade Autónoma para comprobar que empresas se rexen por criterios de sustentabilidade e cales disponen dos selos que o certifican.	Destacar na vosa campaña o papel activo que deben ter o consumidor e as empresas axudarán a que a vosa campaña teña maior impacto na vosa contorna.

COMPETENCIAS CLAVE

Competencia social e ciudadá

Competencia en autonomía e iniciativa persoal

Competencia e interacción sobre o mundo físico

ODS N°15**REPLANTACIÓN DE ÁRBORES E OUTRAS ESPECIES VEXETAIS**

Servizo á comunidade

Organiza co alumnado un proxecto para repoboar zonas devastadas pola erosión e incendios ou para plantar árbores e outras especies vexetais en lugares tales como escampados ou zonas estériles e baldías sen uso próximas ao colexio.

Co fin de valorar o papel que xogan as árbores no medio, deixade no lugar carteis ou repartide entre a comunidade local folletos que informen da importancia de coidalas para contrarrestar os efectos da contaminación e a deforestación en contornas urbanas e rurais.

Aprendizaxes obtidas

Valorar o impacto da urbanización sobre a contorna natural.
Habilidades no traballo en equipo.
Diálogo e toma de decisións.
Actitudes de respecto e compromiso ambiental.

ODS N°15**LIMPEZA DE CONTORNAS CONTAMINADAS**

Servizo á comunidade

Organiza cos teus alumnos e as súas familias campañas de recollida de lixo para que se involucren na limpeza dunha contorna próxima ao seu centro escolar ou na súa localidade, de contornas sucias ou contaminadas, por exemplo un parque, as beiras dun río, un bosque, unha alameda, a praia, etc.

Aprendizaxes obtidas

Desenvolver a conciencia ambiental e a importancia de non deixar lixo en espazos naturais polo risco de contaminación que supón e a pola perda de biodiversidade.

ODS N°15	APADRIÑA UNHA ÁRBORE
Servizo á comunidade	<p>Pide a cada alumno/a que apadriñe unha árbore da veciñanza, do parque próximo, do patio ou da localidade.</p> <p>Que cada un deixe o seu nome nun cartelíño, informando á vez da denominación científica da árbore, ano de plantación, etc.</p> <p>Con este xesto e compromiso, cada alumno converterase no seu coidador ou vixiante, e cando aprecien problemas avisarán ao concello (falta de auga, carteis cravados no toro, ramas en mal estado...) facendo partícipes ao resto da comunidade, implicándose na súa conservación e valor ecolóxico.</p>
Aprendizaxes obtidas	<p>Coñecer a contorna natural local.</p> <p>Valorar a importancia de conservar as árbores e a súa importancia para preservar o osíxeno.</p> <p>Toma de decisións, autonomía e responsabilidade.</p> <p>Compromiso ambiental.</p>

ODS N°15	COMPOST CASEIRO
Servizo á comunidade	<p>Valora co alumnado de que maneira se xeran a diario cantidades de lixo orgánico e de que maneira o abono orgánico beneficia ao medio e á comunidade.</p> <p>Para iso, creade un compostador para converter os refugallois alimentarios do comedor do centro educativo en abono orgánico para os xardíns do colexiou ou próximos a el.</p>
Aprendizaxes obtidas	<p>Coñecer os procesos naturais da descomposición e os beneficios que achega ao medio.</p> <p>Tomar conciencia da reciclaxe e transformación do lixo orgánico en abono.</p>



Un caderno forestal está dirixido a coñecer, por unha banda, a masa forestal da contorna, da provincia e Comunidade Autónoma, e polo outro lado, os **produtos que xera o bosque, é dicir, a economía que dela se deriva** (cultivos micolóxicos, producción madeireira, etc.).

- Pide aos teus alumnos que, por **grupos de traballo**, recompilen a seguinte información desagregada na táboa, para logo **poñela en común e catalogar a masa forestal da vosa contorna**.
- Un grupo ocúpase de recompilar **información sobre a masa forestal**, e o outro, información sobre **a industria do bosque**.
- Dispoñedes na seguinte táboa, de multitud de webs onde atopar os datos.
- A táboa ten á súa vez, varios apartados que serán os subgrupos de traballo a desenvolver. 7 apartados que engloban a información sobre a masa forestal, e outros 7 para a industria do bosque.
- Con toda a información recompilada, facede **varios mapas da vosa provincia** coa distribución das especies arbóreas, **gráficos cos datos** solicitados, **a localización dos sectores produtivos** da madeira, **os espazos naturais** e parques, **as árbores singulares**, etc. **para ter unha visión global do estado dos vosos bosques**.

COMPETENCIAS CLAVE

Competencia dixital

Competencia aprender a aprender

Competencia e interacción sobre o mundo físico

Competencia matemática

Competencia lingüística

1. COÑECEMOS A MASA FORESTAL DA NOSA CONTORNA

1. Clima.
2. Sistemas montañosos, ríos e orografía do terreo.
3. Masa forestal por hectáreas.
4. Tipos de árbores e arbustos.
5. Animais que habitan os bosques, fauna e flora da contorna.
6. Espazos naturais protexidos: parques nacionais, parques naturais, reservas naturais, paisaxes protexidos e monumentos naturais.
7. Árbores singulares, especies de especial protección.

2. COÑECEMOS A INDUSTRIA DO BOSQUE

1. Producción forestal: corta de madeira, leña para combustión e resina.
2. Producción forestal: transformación da madeira en taboleiros e conglomerados para construcción e mobles.
3. Producción forestal: transformación da madeira en envases e embalaxes de madeira.
4. Producción forestal: fábricas de papel e celulosa.
5. Produtos forestais: mel, setas comestibles, trufas, e outros produtos alimentarios.
6. Produtos forestais: pastos, caza e pesca.
7. Produtos forestais: bosques sustentables.

Para iniciar a **busca dixital**, deixámosvos esta **selección de informes e webs** onde buscar a información resumida en gráficos, mapas e infografías.

Neste informe, recompílanse todos os datos básicos da masa forestal española. Datos, estatísticas e mapas de situación.

Distribución zonal do mapa forestal de España.

Mapa Forestal de España. Por Comunidades Autónomas.

Gráficos, mapas e fichas descriptivas coa autoecoloxía das principais especies forestais de España.

Mapas descriptivos coa diversidade arbórea de España.

Gráficos e mapas coas principais especies arbóreas de España.

Gráficos e mapas coas principais especies arbóreas. Composición provincial.

Formacións arborizadas de España.

Aciñeira. Explicación e distribución por Comunidades Autónomas.

Faias. Explicación e distribución por Comunidades Autónomas.

Rebolos. Explicación e distribución por Comunidades Autónomas.

Piñeirais de piñeiro albar. Explicación e distribución por Comunidades Autónomas.

Piñeirais de piñeiro carrasca. Explicación e distribución por Comunidades Autónomas.

Piñeirais de piñeiro radiata. Explicación e distribución por Comunidades Autónomas.

Espazos naturais protexidos en España. Cartografía.

Catálogo de especies exóticas invasoras nas Comunidades Autónomas de España.

Recursos e producción madeireira

Produtos do bosque, alimentos